



INSTRUCCIÓN SOBRE O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2019

Procedemento TR352A

Á vista do artigo 15 da ORDE do 12 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento TR352A), publicada no DOG nº 184 do 27 de setembro de 2019, e coa fin de **anar os criterios interpretativos e, en definitiva, de facilitar e axilizar a xestión do procedemento de selección** para as entidades beneficiarias das axudas, no uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira da antedita orde, dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS:

Prégase ás entidades beneficiarias a lectura detida destas instrucións antes de realizar a comunicación do procedemento de selección, podendo ampliar información sobre o mesmo nos seguintes teléfonos:
981 545 968/981 957 101/981 544 639

Primeira.- Requisitos das persoas a seleccionar

De acordo co previsto no artigo 15.1 das bases reguladoras, as persoas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, así como dispoñibles para o emprego.
2. Non ter sido contratadas por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas concedidas polas ordes da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 18 de xullo de 2017, do 4 de outubro de 2017, do 2 de maio de 2018 e do 10 de xullo de 2018, no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
3. Non ter traballado para a entidade beneficiaria durante máis de tres meses, dentro dos últimos doce meses anteriores á data de contratación que derive da orde, ou non ter traballado para a entidade beneficiaria durante os dous meses anteriores á devandita data de contratación.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Cómpre ter en conta que, de acordo co mesmo artigo será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que as persoas seleccionadas cumpren os anteriores requisitos, en especial, os contidos nos puntos 2 e 3.

Segunda.- Comunicación do procedemento de selección.

De acordo co previsto no artigo 15 coexisten dous procedementos de selección:

- A. Selección directa pola entidade beneficiaria.
- B. Selección a través de oferta xestionada nunha oficina de emprego.





Estes dous procedementos de selección son compatibles entre si, de tal xeito que, se unha entidade opta pola selección directa, tamén poderá realizar a solicitude dunha oferta na oficina de emprego para a mesma ocupación (selección mixta), nos termos que se especifican nesta instrución.

As entidades beneficiarias **terán dous días hábiles contados desde a recepción da resolución de concesión** para comunicar, a través do modelo que se achega como Anexo II, o procedemento de selección escollido.

Este anexo remitirase, asinado e en formato tratable, aos enderezos electrónicos sub.orientacion.ceei@xunta.gal e programascooperacion.sxe@xunta.gal especificando o seguinte texto no asunto: Comunicación procedemento de selección_TR352A2019_(nome entidade)

De non achegar o Anexo II do xeito anteriormente establecido entenderase que o procedemento elixido é o selección exclusivamente a través dunha oferta xestionada pola oficina de emprego.

Terceira.- Procedementos de selección:

A. Selección directa pola entidade beneficiaria.

Neste suposto, a entidade beneficiaria ten que ter comunicado a opción de selección directa con publicación no Portal de Emprego de Galicia e con indicación do seus datos de contacto, a través do modelo Anexo II.

Unha vez feito isto, realizará a selección libre das persoas desempregadas a contratar para cada ocupación para a que teña solicitado este procedemento, tendo en conta o obrigatorio cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 15.1 da orde de convocatoria.

Realizada a selección para cada ocupación e con carácter previo á contratación, a entidade remitirá á oficina de emprego correspondente á localidade do centro de traballo¹, a seguinte documentación:

1. Anexo II relativo ao procedemento de selección, onde conste a opción polo procedemento de selección directa para a ocupación correspondente.
2. Datos da entidade contratante e identificador da persoa desempregada seleccionada.

A oficina de emprego comprobará a inscrición como demandante de emprego e a situación laboral non ocupada da persoa seleccionada e, de cumprir estes requisitos, procederá a mecanizar unha oferta de emprego con vinculación nominal cuxo identificador facilitará á entidade beneficiaria (dato necesario para a comunicación correcta destes contratos de interese social na aplicación Contrat@).

Estas comunicacións entre entidade beneficiaria e oficina de emprego poderán facerse a través de correo electrónico.

Pódese consultar o directorio de oficinas de emprego e os seus datos de contacto neste [enlace](#).

B. Selección a través de oferta xestionada nunha oficina de emprego:

Para o caso de que unha entidade non queira optar polo procedemento de selección directa ou, tendo optado polo dito procedemento, necesite completar as prazas concedidas para o seu programa, poderá solicitar a selección a través da oficina de emprego correspondente á localidade do centro de traballo¹.

Esta forma de selección desenvolverase do seguinte xeito:

- 1 Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina a que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.





1. A entidade beneficiaria achegará, coa suficiente antelación para que a oficina de emprego poida tramitala, a oferta de emprego, xunto coa a solicitude (Anexo I), de ser o caso, debidamente corrixida, ademais da correspondente notificación da resolución e os anexos de concesión da subvención.

Presentarase unha oferta por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións –CNO– a catro díxitos.

No caso de que a entidade, ante a inexistencia de persoas candidatas axeitadas ou por calquera outro motivo, solicite ocupacións que non se encadren no grupo de cotización que figure na resolución de concesión, e sempre que se trate de grupos inferiores a este e que consten no Anexo I de solicitude, deberán previamente obter a autorización da Secretaría Xeral de Emprego, a través do Servizo de Programas de Cooperación, que será a competente para a modificación da resolución de concesión da subvención. A oficina de emprego non poderá tramitar as novas ofertas mentres non se obteña a modificación da resolución.

2. Todas as ofertas dos programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro xestionaranse necesariamente a través do tipo de oferta R – Cooperación entidades sen ánimo de lucro.

A oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos na convocatoria ou que trate de favorecer os colectivos enumerados nela. En ningún caso se poderá incluír nin admitir como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e a outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificados no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

Admitirase a vinculación nominal de persoas candidatas, previa autorización da Secretaría Xeral de Emprego, a través do Servizo de Programas de Cooperación, para mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou que estean en situación de risco de exclusión social.

3. Ademais, e só naqueles casos nos que a entidade teña optado en prazo pola selección directa a través do Anexo II, esta poderá propoñer a vinculación á oferta das persoas candidatas que se lle teñan presentado, debendo achegar á oficina copia do dito Anexo II.

4. O número de persoas candidatas que as oficinas de emprego proporcionarán por posto de traballo ás entidades beneficiarias será, sempre que sexa posible, non inferior a dúas nin superior a dez, agás que a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

5. A selección definitiva deberá ser notificada sempre, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019
A secretaria xeral de Emprego
Covadonga Toca Carús
(asinado dixitalmente)

